



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Nomeamento de 4 socorristas para as praias e a piscina municipal do Concello de Laxe

Expte. Admvo. Núm.: 2019/E001/000006

Expte. Decreto Núm.: 2019/G003/000521

A Consellería de Economía, Emprego e Industria concedeu a este concello unha subvención para a contratación de 8 socorristas para o Servizo de Vixilancia e Socorrismo nas praias e na piscina municipal, ó abeiro dos Programas de Fomento de Emprego coas entidades locais, para o ano 2019.

Con data do 13/06/2019 aprobáronse as bases para a contratación laboral temporal de 6 socorristas para as praias do concello e de 2 socorristas para a piscina municipal, durante dous meses,

Posteriormente, tramitouse a oferta para estes postos de traballo na oficina do servizo público de emprego de Carballo; remitindo esta oficina a relación de candidatos preseleccionados para os ditos postos, co número de oferta 12-2019-7261.

Por medio da Resolución de Alcaldía núm. 497/2019, aprobouse a lista de admitidos e excluídos á mencionada convocatoria.

O 26/07/2019 réunese o Tribunal que xulga os méritos acreditados polos aspirantes presentados ao concurso-oposición e levanta unha acta ao efecto na que propón ao sr. Alcalde designar a Alejandro López Pardo, Xian López Merelas e Bieito Santos Charlin como socorristas para as praias do concello, por un período de tempo de 2 meses, e baixo a modalidade de contrato de duración determinada de interese social; e propón designar a Adriana Velo Reborido, como socorrista para a piscina municipal descuberta por un período de tempo de 2 meses, baixo a modalidade de contrato de duración determinada de interese social.

Unha vez comprobada a documentación presentada polos aspirantes Alejandro López Pardo, Xian López Merelas, Bieito Santos Charlin e Adriana Velo Reborido, establecida na base undécima das bases de selección,

Esta Alcaldía, en virtude do disposto no art. 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Lei de Bases de Réxime Local,

RESOLVE:

Primeiro: Nomear a Alejandro López Pardo, Xian López Merelas e Bieito Santos Charlin como persoal laboral temporal para que realicen as tarefas de socorristas no Servizo de Vixilancia e Socorrismo nas praias do concello (Expte. TR351A 2019/81-1 Vixilancia e socorrismo nas praias e na piscina municipal), a xornada completa e baixo a modalidade de contrato de duración determinada de interese social. O contrato terá unha duración de 2 meses, dende o 01/07/2019 ata o 31/08/2019, ámbolos dous incluídos.

Segundo: Nomear a Adriana Velo Reborido como persoal laboral temporal para que realicen as tarefas de socorristas no Servizo de Vixilancia e Socorrismo na piscina municipal do concello (Expte. TR351A 2019/81-1 Vixilancia e socorrismo nas praias e na piscina municipal), a xornada completa e baixo a modalidade de contrato de duración determinada de interese social. O contrato terá unha duración de 2 meses, dende o 01/07/2019 ata o 31/08/2019, ámbolos dous incluídos.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Terceiro: Os traballadores percibirán un salario mensual de 1.500 € mensuais (soldo base, prorrata de paga extra e complemento de transporte).

Cuarto: Notificar a presente resolución aos interesados.

Quinto: Publicar esta resolución na páxina web do concello (concellodelaxe.com) e no Taboleiro de Anuncios do concello e dar traslado ao Departamento de Contabilidade.

Mándoo e asínoo, en Laxe, na data da sinatura á marxe, o Alcalde D. José Luís Pérez Añón, do que eu como secretaria dou fé.

O alcalde
Asdo. José Luís Pérez Añón

A secretaria-interventora
Asdo. Begoña Carrasco García

FIRMA: 01/07/2019 10:36:00

Begoña Carrasco García

(FECHA: 28/06/2019 14:16:00)

FIRMA: José Luis Pérez Añón

Decreto Nº: 509/2019 - Fecha de decreto: 28/06/2019

Versión imprimible

CVD: BC8nug6WmC2KLufJl80T
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)